

NADAL 2018

Actividades para os clubs da Rede Museística

— Museo Provincial do Mar—



*Os nenos camiñan
e xogan e brincan
na rúa calada
que cobren de risas.*

*E inventan trouleiros
palabras de neve
que borran as penas
que a terra non quere.*

*Cantigas e risas
veñen anunciar
que peta na porta
a luz do Nadal.*

*Un Nadal que amose
como vai a vida.
Un Nadal que cure
con paz as feridas.*

*Un Nadal
que abrigue.*

*Un Nadal
Turrón!*

*Un Nadal
que acougue!*

*Un Nadal
Canción!*

Antonio García Teijeiro, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, 2017.
'A luz do Nadal', letra de canción para o disco "Xa me tardan este Magos", de Mamá Cabra, 2011.

Volve o Nadal e os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo pregoamos o noso programa de obradoiros e actividades para estas datas. Como é costume cada museo da Rede Museística (Museo Provincial de Lugo, Museo Provincial do Mar, Museo Fortaleza San Paio de Narla e Museo Pazo de Tor) desenvolve diferentes actividades nas respectivas sedes, tendo en conta as peculiaridades das coleccións que albergan e as demandas do seu público. Desde o Goberno da Deputación de Lugo e a través da Rede Museística e dos catro museos que a integran pretendemos promover un lecer activo, creativo, sempre participativo. Nestas datas nas que celebramos con moita ilusión a

renovación, a “luz do Nadal”, que anuncia a chegada dun novo ano, desexamos que gocedes das festas, da familia, dos amigos e tamén do descanso ... pero non esquezades que os museos estamos aquí, sempre dispostos a atendervos. As inscricións deben formalizarse no Museo onde se vaia realizar a actividade e o prazo manterase aberto ata que se cubran as prazas ofertadas.

PROGRAMA

-Musavisitas pola Rede

Ás 12:00 horas e ás 17:00 horas (agás os luns e os domingos pola tarde).

>> Obradoiro: *As árbores do solsticio*

As árbores foron dende a noite dos tempos símbolos de fertilidade e de rexeneración para múltiples culturas.

Os nosos devanceiros vían nelas a representación dos seus e súas deuses e deusas que nas datas do solsticio de inverno, poñíanlle fin ó período de escuridade e frío, dándolle paso ao de luz e fertilidade, e para honralxs, moitos pobos, coma os celtas, decoraban as árbores con froitas e candeas.

Hai moitas e moi fermosas lendas que explican o por que das árbores de Nadal, e nos trataremos de mergullarnos nalgunhas delas ó tempo que facemos a nosa.

Data: 27 de decembro de 2018.

Horario: de 11:30 a 13:00 horas.

Prazas: 15.

>> Obradoiro: *Camiños de estrelas*

As constelacións son agrupacións de estrelas que debuxan caprichosas formas nas que a maxín da humanidade de todas as épocas e latitudes víu fantásticos seres ós que dotou de non menos fantásticas historias.

Esas historias mitolóxicas de touros, osos, cazadores, leóns, xemelgos, ..., foron unha magnífica regra mnemotécnica para que os mariños, igual que os navegantes do deserto, se ubicasen na escuridade da noite observando a iluminada cúpula celeste.

Coñecer as máis importantes constelacións para a navegación marítima, e as máis brillantes estrelas de cada unha delas, será o noso obxectivo.

Data: 4 de xaneiro de 2019.

Horario: de 11:30 a 13:00 horas.

Prazas: 15.

>> Obradoiro: *Econadal*

Consideramos que a educación ambiental debe xogar un papel fundamental na vida dxs máis pequenxs xa que se trata dun proceso de formación que permite a toma de conciencia da importancia do medio ambiente. Reflexionamos sobre os problemas que sofre o medio ambiente, empregamos materiais reciclables para elaborar adornos de Nadal e escribimos os nosos “ecodesexos”.

Data: 28 de decembro de 2018.

Idades: Club Pequeamig@s

Horario: de 11:30 a 13:00h.

Participantes: 10

>> Obradoiro: *Contos ao revés*

Prestamos atención aos contos infantís, un recurso educativo de primeira orde que debe estar libre de sexismos e estereotipos de xénero. Lemos entre todas e todos un exemplo, reflexionamos sobre el e redactamos o noso propio conto.

Data: 3 de xaneiro de 2019.

Idades: Club Pequeamig@s

Horario: de 11:30 a 13:00h.

Participantes: 15

>> Obradoiro: *O noso é puro teatro*

Representamos un personaxe do museo: xogamos coa improvisación, coa imitación, co movemento no espazo, coa desinhibición e coa expresión corporal. Interpretamos unha parte de “La casa de Bernarda Alba” de Lorca e reflexionamos acerca do papel das mulleres na obra e das diferencias ao respecto de hoxe en día.

Data: 3 de xaneiro de 2019

Idades: Club Sénior

Horario: de 17:00 a 18:00h.

Participantes: 12

Se nos visitas nestas datas non deixes de visitar as exposicións temporais e as salas permanentes do Museo.

Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo. Tfno.: 982 59 45 72 /

museodomar@museolugo.org.

Xerencia da Rede Museística: Tfno.: 699 836 883 / [\[redemuseos@deputacionlugo.org\]\(mailto:redemuseos@deputacionlugo.org\)](http://xerencia-</p></div><div data-bbox=)



DEPUTACIÓN DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DO MAR